

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 9 de novembro de 2009

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Eudasio Álvarez Álvarez
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D. Carlos López Font

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e trece minutos do día nove de novembro de dous mil nove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1566).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 21 de outubro de 2009. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(1567).- DAR CONTA DAS SEGUINTE SENTENZAS E AUTOS:

a) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.A. 72/2009. Demandante: D. Jose Pazos Alvareño. Obxecto: Resolución 20/01/09. Sanción de tráfico (XER e non identificación do condutor). Expediente: 088801425
Desestimado o recurso.

- b) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.O. 474/2008. Demandante: D^a. Cristina Fariñas Lema e D. Alfonso Crespo Rios. Obxecto: Desestimación “presunta” de reclamación por responsabilidade patrimonial do 01/04/08. Expediente: 1950/243. Desestimado o recurso.
- c) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.A. 302/2009. Demandante: D. Abraham Comesaña Lago. Obxecto: Resolución do 28/04/09 do TEA do Concello de Vigo sobre dilixencia de embargamento por sanción de tráfico. Expediente: 10184/700 e 1646/550. Arquivo do procedemento.
- d) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.A. 120/2009. Demandante: D^a. M^a. Luisa Rivera Paz. Obxecto: Desestimación presunta de reposición contra dilixencia de constrinximento (diversos tributos periódicos). Expediente: 9809727. Inadmitido o recurso.
- e) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.A. 132/2009. Demandante: D^a. Emilia González Díz. Obxecto: Resolución do 25/03/09 (en reposición) sanción de tráfico. Expediente: 08867552. Desestimado o recurso.
- f) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.A. 130/2009. Demandante: D. Bernardo Rodríguez Tilve. Obxecto: Sancións de Tráfico. Expediente: 088800822, 088801118 e 088800928. Desestimado o recurso.
- g) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.O. 403/08. Demandante: D^a. M^a Carmen Guntín Fernández. Obxecto: Resolución do 05/08/08: estimación parcial de reclamación patrimonial. Expediente: 1522/243. Estimada parcialmente.
- h) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 246/09 p.a. Demandante: D^a Flora Sousa Álvarez. Obxecto: Resolución 16.04.09 (desestimatoria). RPA. Expte.: 1664/243. Desestima o recurso.
- i) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.A. 112/2009. Demandante: D^a. Rosa M^a. Yañez Rodríguez. Obxecto: Resolución do 09/12/08 (en reposición). Sanción de tráfico. Expediente: 08862936. Desestimado o recurso.
- k) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.O. 88/2009. Demandante: “UNION DE CONSUMIDORES DE PONTEVEDRA”. Obxecto: contestación do 23/01/09 a escrito solicitando o cesamento das denuncias dos vixilantes da XER e devolución das sancións aboadas. Inadmitido o recurso.
- l) Auto do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 260/09 P.A. Demandante: “MERCA ATLANTICA DE AUTOMOCIÓN, S.A.” Obxecto: Resolución de 05/07/2007. Sanción de tráfico. Expte.: 098633493. Desestimento da demandante.

m) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº P.A. 236/2009. Demandante: D. José Bar Blanco. Obxecto: Resolución do 13/04/09 reclamación patrimonial. Expte.: 2289/243. Desestimado o recurso.

Acordo

Dado conta das devanditas sentenzas e autos remitidos por Asesoría Xurídica, a Xunta de Goberno local queda enterada do seu contido.

3(1568).- CONVOCATORIA E BASES DO CONCURSO “VENTE COS REIS MAGOS”. NADAL 2009-2010. EXPTE. 3321/335.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Animación Sociocultural, do 30.10.09, conformado polo concelleiro de Cultura e animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a convocatoria que de seguido se achega correspondente ó concurso “Vente cos Reis Magos 2009”, e que ten por obxecto seleccionar a corenta nenos/as para acompañar ós Reis Magos na comitiva real da Cabalgata de Reis 2010”.

CONVOCATORIA DO CONCURSO “VENTE COS REIS MAGOS 2009-2010”

1. O obxecto da convocatoria e seleccionar a corenta nenos e nenas para acompañar os Reis Magos na Cabalgata de Reis 2010.
2. Neste concurso poderán participar tódolos nenos e nenas da cidade nados entre o 1 de xaneiro de 1997 e o 31 de decembro de 2001, ambos inclusive.
3. As solicitudes poderán depositarse nun buzón do Carteiro instalado na Lonxa do Concello e nos Centros Cívicos de Teis, Casco Vello, Coruxo e Saians.
4. O prazo de inscrición comezará o día 10 de decembro e finalizará as 20,00 horas do día 18 de decembro.
5. O sorteo realizarase o día 22 de decembro, ás 12,00 horas na Casa do Concello.

Bases do concurso “Vente cos Reis Magos” aprobadas na Xunta de Goberno de 19 de novembro de 2007.

4(1569).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 4/165, 4/2477, 22/2776.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo cos informes-proposta da traballadora social Responsable do Programa, conformados pola concelleira delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D^a. Isabel Alonso Refojos. Expte. 165/04.
- D^a. Otilia Cachafeiro Pîchel. Expte. 4/2477.
- D^a. Matilde Fernández Casabella. Expte. 2776/22.

5(1570).- PRESTACIÓN DO CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES: ALTA. 3/2366.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da traballadora social Responsable do Programa, conformado pola concelleira delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

Conceder a prestación do Servizo de Centro de Día para persoas maiores a D^a. Elisa Ferreiro Rodal. Expte. 2366/03.

6(1571).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ELABORACIÓN DUN ESTUDO NO QUE SE ANALIZARÁN AS NECESIDADES DE FORMACIÓN NOS NOVOS XACEMENTOS DE EMPREGO DO MUNICIPIO DE VIGO, DENTRO DO PROXECTO “IMOS TRABALLAR”. EXPTE. 5737/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 8.10.09, o informe de fiscalización, do 4.11.09, e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 26.10.09, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-lo gasto de 44.850,55 euros para a contratación do servizo de elaboración dun estudo no que se analizarán as necesidades de formación nos novos xacementos de emprego (NXE) do municipio de Vigo, que se imputarán a partida 3220.227.06.02 “Estudos e Traballos Técnicos IMOS TRABALLAR” do presuposto do ano 2009.

2º Aproba-lo expediente de contratación para a contratación do servizo de elaboración dun estudo no que se analizarán as necesidades de formación nos novos xacementos de emprego (NXE) do municipio de Vigo, que contén o prego de prescripcóns técnicas particulares de 24-02-2009 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos por procedemento negociado sen publicidade de data 21-09-2009.

3º Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a consulta con alomenos tres empresarios capacitados para a execución do contrato.

7(1572).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ELABORACIÓN DOS CURSOS “NO AULA VIRTUAL” DENTRO DO PROXECTO “IMOS TRABALLAR”. EXPTE. 5738/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 6.10.09, o informe de fiscalización, do 4.11.09, e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 22.10.09, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-lo gasto de 44.722 euros para a contratación do deseño e creación dos cursos transversais a través dunha ferramenta innovadora denominada “Aula Virtual” na PDA que se imputarán a partida 3220.227.06.02 do presuposto do ano 2009.

2º Aproba-lo expediente de contratación para a contratación do deseño e creación dos cursos transversais a través dunha ferramenta innovadora denominada “Aula Virtual” na PDA, que contén o prego de prescricións técnicas particulares de 24-02-2009 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos por procedemento negociado sen publicidade de data 21-09-2009.

3º Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a consulta con alomenos tres empresarios capacitados para a execución do contrato.

8(1573).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ELABORACIÓN DUN OBSERVATORIO SOBRE EMPREGO E MEDIO AMBIENTE DENTRO DO PROXECTO “VIGO MEDIO NATURAL”. EXPTE. 5993/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 8.10.09, o informe de fiscalización, do 4.11.09, e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 22.10.09, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-lo gasto de 50.000 euros para a contratación do servizo de elaboración dun observatorio sobre emprego e medioambiente no marco do proxecto “Vigo Medio Natural” que se imputarán a partida 3220.227.06.09 do presuposto do ano 2009.

2º Aproba-lo expediente de contratación para a contratación do servizo de elaboración dun observatorio sobre emprego e medioambiente no marco do proxecto “Vigo Medio Natural” que contén o prego de prescricións técnicas particulares de 04-06-2009 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos por procedemento negociado sen publicidade de data 21-09-2009.

3º Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a consulta con alomenos tres empresarios capacitados para a execución do contrato.

9(1574).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ELABORACIÓN DUN ESTUDO SOBRE NOVOS PERFÍS PROFESIONAIS NECESARIOS NO SECTOR AMBIENTAL DE VIGO DENTRO DO PROXECTO “VIGO MEDIO NATURAL”. EXPTE. 5994/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 8.10.09, o informe de fiscalización, do 4.11.09, e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 23.10.09, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-lo gasto de 40.000 euros para a contratación do servizo de elaboración dun estudo sobre novos perfís profesionais necesarios no sector ambiental de Vigo dentro do proxecto “Vigo Medio Natural” no marco do programa “Emplea Verde 2007-2013”, que se imputarán a partida 3220.227.06.09 do presuposto do ano 2009.

2º.- Aproba-lo expediente de contratación para a contratación do servizo de elaboración dun estudo sobre novos perfís profesionais necesarios no sector ambiental de Vigo, dentro do proxecto “Vigo Medio Natural” no marco do programa “Emplea Verde 2007-2013”, que contén o prego de prescricións técnicas particulares de 4-06-2009 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos por procedemento negociado sen publicidade de data 21-09-2009.

3º.- Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a consulta con alomenos tres empresarios capacitados para a execución do contrato.

10(1575).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ELABORACIÓN DUNHA GUÍA PARA ADAPTAR AS ACTIVIDADES EMPRESARIAIS DE VIGO Á NORMATIVA AMBIENTAL. EXPTE. 5995/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 8.10.09, o informe de fiscalización, do 4.11.09, e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 26.10.09, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-lo gasto de 21.600 euros para a contratación do servizo de elaboración do proxecto “Vigo Medio Natural” no marco do programa “Emplea Verde 2007-2013”, que se imputarán a partida 3220.227.06.09 do presuposto do ano 2009.

2º Aproba-lo expediente de contratación para a contratación do servizo de elaboración dunha guía para adaptar as actividades empresariais de Vigo á normativa ambiental no marco do proxecto “Vigo Medio Natural” (Programa “Emplea Verde 2007-2013”, Convocatoria 2008) que contén o prego de prescricións técnicas particulares de 4-06-2009 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos por procedemento negociado sen publicidade de data 21-09-2009.

3º Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a consulta con alomenos tres empresarios capacitados para a execución do contrato.

11(1576).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DA ASISTENCIA TÉCNICA PARA A COORDINACIÓN E SUPERVISIÓN DAS OBRAS NO CASCO VELLO CON CARGO AO FEIL.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 30.10.09, conformado pola xefa de fiscalización e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar definitivamente a Petra o procedemento negociado sen publicidade para a contratación da asistencia técnica para a coordinación e supervisión das obras no Casco Vello con cargo o FEIL (expte. 4861-307) por un prezo total de 60.000 euros. Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e prego de condicións técnicas aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 07-07-2009 e a oferta presentada.

12(1577).- ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DO SERVIZO DE XESTIÓN E DESENVOLVEMENTO DA ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO. EXPTE. 9958/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 3.11.09, e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina administrativa de Contratación, do 19.10.09, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar definitivamente a Imaxinería, S.L. O lote 1 (Escola Municipal Infantil Atalaia-Teis) do procedemento aberto para a contratación do servizo de xestión da escola municipal de Teatro do Concello de Vigo (expte. 9958-332) por un prezo total de 204.249,76 euros, desglosado en 174.249,76 euros como prezo de xestión e 30.000 euros de gastos de instalación e un prezo hora de 25 euros. Todo o anterior de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e prego de condicións técnicas aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 07-07-2009 e a oferta presentada.

13(1578).- REVISIÓN DE PREZOS DO SERVIZO DE MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DO ALUMEADO PÚBLICO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 18741/240.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnico de Amón. Especial do 21.09.09, conformado pola concelleira de Contratación, a xefa de fiscalización e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a revisión ordinaria do contrato de mantemento e conservación do alumbrado público, adxudicado a empresa Imes- api, por acordo da XGL de 23 de xaneiro de 2006, quedando éste establecido a partir do 1 de maio de 2009 na cantidade de 1.759.261,90 euros/ano.

2º.- Aprobar a revisión extraordinaria do mencionado contrato, a partir do 1 de xaneiro de 2009, sendo ésta de un importe de 38.569,52 euros/ano.

3º.- Recoñecer á empresa en concepto de atrasos pola diferenza entre o prezo revisado, incluíndo neste tanto o importe da revisión ordinaria, como o importe da revisión extraordinaria, a cantidade de 27.562,38 euros (cómputo efectuado ata setembro de 2009).

14(1579).- REVISIÓN DE PREZOS DO SERVIZO DE VIXILANCIA DOS CENTROS CÍVICOS MUNICIPAIS. EXPTE. 1871/321.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 1.10.09, conformado pola concelleira de Contratación e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a revisión de prezos do contrato do servizo de vixilancia dos centros cívicos dependentes da Concellería de Participación Cidadá, adxudicado á empresa Securitas Seguridad España, S.A. por acordo da Xunta de Goberno local de 26 de xuño de 2006, establecendo o mesmo, a partir de 1 de xullo de 2009 ata o 30 de xuño 2010, na cantidade de 79.833,60 €.

15(1580).- ALLEAMENTO DE 108 VEHÍCULOS PARA CHATARRA. EXPTE. 3004/241.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 27.10.09, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Allear para chatarra 108 vehículos que se atopan no depósito municipal (que figuran en relación adxunta), solicitando oferta a diversas empresas especializadas, que haberán de cumprir-las seguintes condicións:

- As empresas licitadoras estarán en posesión da autorización concedida pola Xunta de Galicia como xestoras de residuos perigosos (vehículos ó final da súa vida útil).
- Non se fixa tipo de licitación, debendo ofertarse unha cantidade global para o lote completo.
- Os gastos de recollida e traslado dos vehículos e motocicletas serán por conta do adxudicatario, debendo seccionar-las bastidores antes da retirada, no prazo máximo de 10 días (contado a partir da data de notificación do acordo de adxudicación), debendo presentarllos xustificante do abono do prezo.

As ofertas presentaranse en sobre pechado a través do Rexistro Xeral do Concello.

16(1581).- ALLEAMENTO DE 28 VEHÍCULOS PARA CHATARRA. EXPTE. 3015/241.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 30.10.09, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Allear para chatarra 28 vehículos que se atopan no depósito municipal (que figuran en relación adxunta), solicitando oferta a diversas empresas especializadas, que haberán de cumprir-las seguintes condicións:

- As empresas licitadoras estarán en posesión da autorización concedida pola Xunta de Galicia como xestoras de residuos perigosos (vehículos ó final da súa vida útil).

- Non se fixa tipo de licitación, debendo ofertarse unha cantidade global para o lote completo.
- Os gastos de recollida e traslado dos vehículos e motocicletas serán por conta do adxudicatario, debendo seccionar os bastidores antes da retirada, no prazo máximo de 10 días (contado a partir da data de notificación do acordo de adxudicación), debendo presentalo xustificante do abono do prezo.

As ofertas presentaranse en sobre pechado a través do Rexistro Xeral do Concello.

17(1582).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informes de fiscalización, e de acordo cos informes-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

a) Devolver a Oresco S.A.:

– A fianza por importe de 3.129,46 € e non por importe de 1.564,73 €, como se acordara pola X. de Goberno en sesión de 25.09.09, constituída para responder das obras no local de Romil, 20 para escola permanente de adultos xa que as obras foron recibidas por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 2862/241.

– A fianza por importe de 3.377,93 € e non por importe de 1.800,79 € como se acordara pola X. De Goberno en sesión de 25.09.09, para responder das obras de adaptación de edificio en Tomás A. Alonso para ludoteca, xa que foron recibidas por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

b) Devolver a Prime Time Organización de Eventos y Publicidad S.L. para responder da produción do Programa Castrocativo xa que foi executado conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.. Expte. 2983/241.

c) Devolver a Linorsa S.A. a fianza de 1.200 € constituída para responder do servizo de porteiro vixante para os colexios públicos xa que foi executado conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 11060/332.

18(1583).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA DE “RETIRADA DE SÍMBOLOS RELATIVOS Á SUBLEVACIÓN MILITAR NA CASA DAS ARTES”. EXPTE. 11845/331.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Departamento de Cultura, do 3.11.09, conformado polo concelleiro delegado do Área de Cultura e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o Plan de seguridade e saúde dos traballos de execución para a retirada de símbolos relativos á sublevación militar na Casa das Artes, por D. Juan Luís Piñeiro Ferradás, arquitecto municipal da Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo, coordinador de seguridade e saúde na fase de execución de obra.

19(1584).- SEGUNDA REVISIÓN DE PREZOS DE CONTRATO DO SERVIZO DE VIXILANCIA DE DEPENDENCIAS, ACTIVIDADES E MANTEMENTO DE INSTALACIÓNS DE SEGURIDADE DEPENDENTES DO SERVIZO DE CULTURA, PARA O PERÍODO MARZO 2009 A FEBREIRO 2010. EXPTE. 11804/331.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Departamento de Cultura, do 7.10.09, conformado polo concelleiro delegado do Área de Cultura e Animación Sociocultural, a xefa do Servizo de Fiscalización e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1.- Autorizar a segunda revisión de prezos do vixente contrato con UTE Securitas Dependencias de Cultura do Concello de Vigo, S.A. (C.I.F. G-85009405) para a prestación do servizo de vixilancia de dependencias, actividades e mantemento de instalacións de seguridade dependentes do servizo de cultura incrementándoo nun 0,7%, variación experimentada polo IPC nacional para os servizos prestados entre o 1 de marzo de 2009 e o 28 de febreiro de 2010. Os prezos serán os seguintes:

1.Hora diurna: 17,72 €

2.Hora festiva diurna: 19,11 €

3.Hora nocturna: 19,41 €

4.Hora festiva nocturna: 20,80 €

1.Mantemento dos sistemas de seguridade das dependencias: 4.346,24 €/trimestre

2.- O importe do gasto en concepto de actualización dos prezos do servizo estímase en 1.290,29 € (considerando os importes facturados mais a previsión) e pode asumirse con cargo ao dispoñible no AD 24287, que financia o contrato vixente neste exercicio.

20(1585).- PROXECTO DE RETIRADA E SUBSTITUCIÓN DEL NAF-SIII DE “CASA GALEGA DA CULTURA” NA PRAZA DA PRINCESA Nº 2 DE VIGO. EXPTE. 11847/331.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Departamento de Cultura, do 4.11.09, conformado polo concelleiro delegado do Área de Cultura e Animación Sociocultural, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o “PROYECTO DE RETIRADA Y SUSTITUCIÓN DEL NAF-SIII DE “CASA GALEGA DA CULTURA” EN LA PLAZA DE LA PRINCESA Nº 2 (VIGO)” elaborado polo inxeniero técnico industrial D. José Luís Camiña Martínez, nº de Colexiado 2641, e visado polo Colexio Oficial de inxeniero Técnicos Industriais de Vigo, que fora encargado por esta Unidade á empresa Davisa Ingeniería y Sistemas S.A.

2º.- Nomear a D. José Manuel Fouces Díaz, inxeniero técnico industrial, nº de Colexiado 1930, director da empresa Tecnigal S.L., como director da devandita obra.

3º.- Nomear a D. José Manuel Fouces Díaz, inxenheiro técnico industrial, nº de Colexiado 1930, director da empresa Tecnigal S.L., para realizar a labor de coordinación e supervisión técnica dos traballos de retirada e substitución do NAF-III da Casa Galega da Cultura sita na plaza da Princesa nº 2, e para desenvolver o informe do plan de seguridade e saúde na fase de execución de obra.

21(1586).- INSTRUCCIÓN PARA AS OPERACIÓNS DO PECHE EXERCIZO 2009.

Dáse conta das instrucións para as operacións do peche do exercizo 2009, asinadas polo xefe de Contabilidade, o interventor xeral e conformadas pola concelleira delegada da Área de Economía e Facenda, que din o seguinte:

OPERACIÓNS DE PECHE DO EXERCICIO ORZAMENTARIO 2009

A regulación das operacións de cerramento do exercicio de 2009 en relación co control e a contabilización dos rexistros que se derivan da execución do estado de gastos e ingresos dos orzamentos así como dos movementos non orzamentarios, fai necesario dictar as oportunas instrucións.

Para conseguir os obxectivos, os distintos niveis da Administración, para facilitar o peche anual, elaboran e poñen en vigor anualmente unhas instrucións que sirven ás distintas unidades xestoras como guía para a tramitación dos procedementos administrativos e de execución de fin de exercicio.

En cumprimento do regulamentado na Disposición Adicional Sexta das Bases de Execución do Orzamento para o ano 2009, antes de escomenzar o mes de novembro, a Concellería Delegada de Economía e Facenda, dará a coñecer a Xunta de Goberno Local, as normas e prazos de tramitación e peche daqueles expedientes ou operacións que afecten o orzamento (tramitación de facturas, fondos a xustificar e rendición dos mesmos, expedientes de indemnizacións substitutivas, devolución de ingresos indebidos, anulación de dereitos, tramitación de fases contables, etc.), coa finalidade de garantir e cumprir os prazos legais de peche e liquidación dos orzamentos.

Na súa virtude, se dispoñen as seguintes normas:

Tramitación de expedientes de contratos menores

A solicitude de retencións de crédito para a tramitación posterior de facturas dentro do exercicio orzamentario efectuarase ata o día 28 de decembro. Esta data hai que entendela de entrada na unidade de Contabilidade. Aquelas retencións de crédito que se rexistrasen e que non fosen obxeto da tramitación da correspondente factura dentro do exercicio económico, quedarán anuladas ó peche do exercicio.

Tramitación de documentos contables de autorización e compromiso do gasto

Os expedientes que previa aprobación polo órgano competente, requiran a expedición dos documentos contables en fase D, AD, terán como data límite de entrada en Contabilidade o día 30 de decembro. As unidades xestoras, extremarán as accións de seguimento dos expedientes que lle afecten e que son obxeto de perfeccionamento nas derradeiras sesións da Xunta de Goberno Local, para a súa remisión á Unidade de Contabilidade dentro do ano e coa data límite establecida para a súa contabilización.

Libramentos a xustificar

Os fondos expedidos a xustificar con cargo ao presuposto corrente tramitaranse ata o día 28 de decembro, debéndose ter en conta os prazos para a súa rendición que se regulan na instrución de servizo 01/2006. As contas deberán estar rendidas antes do peche do exercicio presupostario, é dicir, con data límite 31 de decembro, ou hábil anterior, seguindo os procedementos rexistrados que lle corresponde efectuar ao habilitado/a. A xustificación da rendición dentro do ano, é a necesidade legal de incorporar os saldos das mesmas a Acta de Arqueo de final de ano, calesqueira que sexa o importe dos fondos pendentes de xustificar en poder do habilitado/a e o prazo que levan na conta restrinxida de habilitación, sempre, sin excepción algunha, os pagos que deran lugar a algunha retención deberán rendirse dentro do ano, para poder ingresalos na Axencia Tributaria na liquidación anual. Todas as contas restrinxidas dos habilitados/as deberán quedar con saldo CERO a finais do ano. Se nalgunha delas houberse algún redimento financeiro, deberán darse instrucións á entidade financeira para que os traslade ás contas operativas da Entidade ante de remata-lo ano. Os habilitados/as comprobarán que a súa conta contable non rexistra un saldo impropio (acreedor), xa que neste caso é probable que se estivesen a aplicar pagos á conta da que son responsables, pero os fondos están ingresados en outra, ou (saldo deudor cando debería ser Cero), neste caso, pode que se estivesen aplicando os pagos á conta de outro habilitado/a. Para conocer cales son os erros habituais no tratamento dos fondos a xustificar, deberáse ter en conta as instrucións remitidas a todo-los habilitados/as en data 28 de febreiro de 2008.

Facturas

Respecto da tramitación de facturas para seu control e contabilización en Fase de execución orzamentaria “O” ou “ADO”, recibiránse para a súa imputación a presuposto corrente ata o día 30 de decembro. Enténdese esta data como límite para que esta Unidade Administrativa reciba nas súas dependencias os citados documentos, con independencia das datas nas que opere o Rexistro Xeral. Os citados documentos mercantís ou aqueles que os substitúan e que poidan xerar obrigas para o Concello, se remitirán coa preceptiva documentación acreditativa da prestación e cos demais requisitos que regulan as Bases de Execución do Presuposto (Base 18ª e 19ª) e o Real Decreto 1496/2003.

As unidades xestoras, tratarán dentro do posible, aos efectos de non perder os créditos, de tramitalas facturas dentro do vixente ano presupostario (incluídas as prestacións correspondentes os contratos ata o mes de decembro inclusive), tendo en conta ademáis que o día 31 de decembro é inhábil nesta Administración. Naqueles casos en que a tramitación non fose posible e o gasto quedase en fase de execución “D” ou “AD”, a imputación do mesmo o ano seguinte, quedaría condicionado á liquidación dos presupostos e a existencia de Remanente de Tesorería suficiente como recurso para financiar a modificación presupostaria de incorporación de Remanentes, que as distintas unidades xestoras solicitarían para a súa incorporación, previa xustificación das causas polas que non se tramitaron os gastos con cargo ó presuposto anterior. Polo tanto, en aplicación do principio de Devengo, as unidades xestoras deberán artella-los procesos para tramitar toda-las facturas que se correspondan con gastos de prestacións de servizos, suministros ou obras dentro do vixente ano e ata o 30 de decembro.

Xustificantes de subvencións

As subvencións que as súas Bases e convocatoria contemplan a xustificación das mesmas dentro do exercicio, deberán ser remitidas para a súa comprobación con data límite o día 23 de decembro, ós efectos de subsanar dentro do exercicio calqueira defecto na documentación recibida, ben porque os documentos xustificativos non son adecuados ou suficientes, ou por algún incumplimento das Bases e convocatoria das subvencións. Os responsables das unidades xestoras das axudas e subvencións, tramitarán as xustificacións das mesmas con suxección os requisitos establecidos e aprobados para cada caso,

sendo da súa responsabilidade ou da do beneficiario o incumprimento de prazos e defectos na documentación presentada para a xustificación das subvencións.

Indemnizacións substitutivas e recoñecemento extraxudicial de créditos

A tramitación dos expedientes que conteñan procedementos de indemnización substitutiva por actuacións sen procedemento ou omisión de trámites e recoñecemento extraxudicial de créditos por obrigas nacidas fora do presuposto, se recibirán en estas dependencias administrativas para a súa fiscalización e expedición de documento contable “RC” ata o día 22 de decembro, sempre e cando a unidade xestora do expediente, teña capacidade-posibilidade para incluír o asunto na orde do día da Xunta de Goberno Local dentro do ano no que se está a tramita-lo expediente, e ademáis, con posterioridade ó acordo da Xunta de Goberno, terá que remitirse á unidade de Contabilidade o expediente, antes do 31 de decembro para a contabilización da Fase “AD” ou ADO, xa que ésta é a data límite para efectuar este tipo de operacións.

Os expedientes deste tipo, formaránse e seguirán os procedementos habituais regulados na Base 28ª das de Execución do Presuposto e a Instrución 1/2000, debendo estar completos e en condicións formales e legais de ser fiscalizados, en caso de non concorrer tal circunstancia, a unidade xestora se responsabilizará do expediente e tramitará, se fose o caso, o mesmo con cargo o exercicio presupostario seguinte.

Devolución de ingresos indebidos con cargo o presuposto ou por ingresos duplicados ou excesivos

Os expedientes por devolución de ingresos indebidos, tanto de carácter orzamentario como non orzamentario, aprobados no ano, se remitirán á unidade de Contabilidade para a súa contabilización con data límite 30 de decembro. Aqueles que tivesen aprobación no ano natural, pero non fosen tramitados á unidade de Contabilidade para o seu rexistro contable dentro do ano, remitiránse para a súa contabilización con data 2010. En ningún caso quedarán os expedientes con cargo a unidade de Contabilidade se non fosen tramitados dentro da data límite que se establece, sendo a unidade xestora do expediente a custodiadora do mesmo ata que se realice a nova remisión.

Aqueles expedientes, que se pretendan tramitar e contabilizar dentro do ano 2009, deberán ser remitidos para súa fiscalización previa a aprobación do mesmo pola Concelleira Delegada de Economía e Facenda antes do 22 de decembro.

Baixas por anulación de dereitos de exercicio corrente ou pechado. Dereitos cancelados por insolvencias, ou outras causas de exercicio corrente ou pechado.

Os expedientes por anulación de liquidacións, tanto de presuposto corrente como pechados, que houberen sido fiscalizados e aprobados no ano, se remitirán á unidade de Contabilidade para a súa contabilización con data límite 30 de decembro.

Os expedientes que se tramiten para a súa fiscalización e aprobación, e que se pretenda a súa contabilización dentro do ano 2009, deberán ser remitidos, con data límite 22 de decembro.

Aqueles expedientes que tivesen aprobación no ano natural, pero non fosen tramitados á unidade de Contabilidade para o seu rexistro contable dentro do ano, coa data límite de 30 de decembro, remitiránse para a súa contabilización con data 2010. En ningún caso quedarán os expedientes con cargo a unidade de Contabilidade se non fosen tramitados dentro da data límite que se establece, sendo a unidade xestora do expediente a custodiadora do mesmo hasta que se realice a nova remisión.

Anulación de créditos

Unha vez feitas todas as operacións e, en aplicación do previsto no artigo 175 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os créditos para gastos que o último día do exercicio orzamentario non estén afectos ó cumprimento de obrigas xa recoñecidas quedarán anulados de pleno dereito, sen mais excepcións que as sinaladas no artigo 182 do TRLRFL.

Así mesmo, os créditos presupostarios que fosen obxecto de financiación con cargo o Remanente Líquido de Tesourería, que xa fosen incorporados ó presuposto do ano 2009, non poderán ser incorporados de novo ó presuposto do ano 2010 se non se executaron no transcurso do ano 2009.

Recordar igualmente, que os Créditos Extraordinarios e Suplementos de Crédito tramitados no ano 2009, teñen que alomenos chegar a Fase contable "D" dentro do ano, en caso contrario, en aplicación do apartado 2 da Base 8ª das de Execución do Presuposto, non serán incorporables como remanentes de crédito ó Presuposto do ano 2010.

Dése conta destas instrucións a todos os Sres. Concelleiros/as Delegados/as ós efectos da comunicación ós Xefes/as de servizo das áreas da súa responsabilidade. Non entando o anterior, estas normas de peche do exercicio presupostario serán enviadas por correo electrónico a toda-las áreas de xestión.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

22(1587).- PROPOSTA PARA A CREACIÓN DO FICHEIRO AUTOMATIZADO DE DATOS PARA O CONTROL DE SEGURIDADE NO MUSEO MUNICIPAL DE VIGO "QUIÑONES DE LEÓN" MEDIANTE VIDEOVIXIANCIA NO PAZO E NO ANEXO ADMINISTRATIVO. EXPTE. 3721/337.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director do Museo, do 26.10.09, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio Histórico, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Crear no Museo Municipal de Vigo "Quiñones de León" o ficheiro automatizado de datos de carácter persoal denominado "Control de seguridade no museo municipal de Vigo "Quiñones de León", mediante videovixilancia no pazo de Castrelos e no seu anexo técnico-administrativo", regulado no Anexo.

2º.- A regulación e funcionamento do citado ficheiro axustarase ao disposto na Lei orgánica 15/99; e no seu desenvolvemento regulamentario dado polo R.D. 1720/07 e a Instrución 1/06 da Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

En particular, haberán de respectarse os principios de taxatividade dos fins que xustifican a existencia do fichero (exclusivamente, a seguridade das dependencias e as súas coleccións); a proporcionalidade entre a finalidade perseguida e o tratamento dos datos obtidos (as cámaras soamente recollerán imaxes dos espazos e os bens que neles se atopan); transparencia no funcionamento (sinalización das zonas vixiladas e alta do correspondente fichero na AEPD); con-

trol de seguridade sobre os datos obtidos nos términos establecidos no Título VIII do RD 1720/07; e respecto aos dereitos dos interesados (básicamente, garantía dos dereitos de acceso e cancelación).

3º.- O presente acordo entrará en vigor o día seguinte á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa notificación á AEPD a efectos da inscrición do fichero, na forma prevista no art. 55 e concordantes do RD 1720/07.

4º.- A existencia da videovixilancia autorizada publicárase na páxina web interna (intranet) do concello.

ANEXO

***FICHEIRO:** Control de seguridade no museo municipal de Vigo “Quiñones de León”, mediante videovixilancia no pazo e no anexo administrativo.*

1. ÓRGANO, ENTE O AUTORIDADE ADMINISTRATIVA RESPONSABLE DO FICHEIRO:

Concello de Vigo, Museo Municipal de Vigo “Quiñones de León”

2. ÓRGANO, SERVIZO O UNIDADE ANTE O QUE DEBERÁN EXERCITARSE OS DEREITOS DE ACCESO, RECTIFICACIÓN, CANCELACIÓN E OPOSICIÓN:

Museo Municipal de Vigo “Quiñones de León”

3. DESCRICIÓN DO FICHEIRO QUE SE CREA:

Conxunto de imaxes dixitais dos/as usuarios/as, axentes da autoridade e demais persoal municipal ou contratado destinado nas instalacións.

4. Trátase dun FICHEIRO DE CARÁCTER INFORMATIZADO ao apoiarse a captación de imaxes nun videogravador dixital que admite conexión tcp/ip.

5. MEDIDAS DE SEGURIDADE: *nivel básico.*

6. TIPOS DE DATOS DE CARACTER PERSOAL QUE SE INCLUIRÁN NO FICHEIRO: *imaxe/voz.*

7. FINALIDADE DO FICHEIRO:

Seguridade de salas e bens custodiados.

8. COLECTIVOS SOBRE OS QUE SE PRETENDE OBTEN DATOS OU VEÑAN OBRIGADOS A SUMINISTRALOS:

Usuarios/as das instalacións, axentes da autoridade e demais persoal municipal.

9, PROCEDENCIA DOS DATOS: *O propio interesado.*

10. PROCEDIMENTO DE RECOLLIDA: *Captación mediante cámaras.*

11. ÓRGANOS E ENTIDADES DESTINATARIOS DAS CESIÓN PREVIAS:

Forzas e corpos de seguridade.

12. NON HAI TRANSMISIÓN INTERNACIONAL DE DATOS PREVISTA.

23(1588).- PROPOSTA DE INCORPORACIÓN Ó EXPEDIENTE 5104/307, DE ADQUISICIÓN DO PAZO DE ARIAS TABOADA NA RÚA ABELEIRA MENÉNDEZ E INMOBLES ANEXOS, DO INFORME PERICIAL EMITIDO POLO ARQUITECTO MUNICIPAL DE PATRIMONIO DE DATA 05.11.09. Expte. 5104/307.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da solicitude de D. Francisco José Vázquez Blanco, como administrador de Zinnia Gestión S.A., que di o seguinte:

“O que abaixo subscribe D. Franciso José Vázquez Blanco, con DNI 32751210-S, como administrador de Zinnia Gestión S.A. co CIF A-36873719, domiciliado en rúa Colón 17, 8A, 3621 de Vigo,

Declara:

O Concello de Vigo, diríxese a miña empresa hai varios meses coa intención de adquirir uns edificios da propiedade da empresa que represento. Estes edificios sitos na rúa Abeleira Menéndez e concretamente nos números do 9 ao 12 da mesma rúa; o destino dos mesmos se anuncia como dirixidos a albergar algunha dependencia cultural, en concreto a pinacoteca da cidade.

Por parte da empresa que represento estivemos abertos á posibilidade de proceder á súa venda, e facilitamos aos servizos municipais canto se nos pediu para poder valorar e ordenar o expediente de compra.

Nos últimos días sorprendámonos con certas informacións periodísticas e algunhas declaracións de algún grupo político, que parecen pretender por en dúbida a honorabilidade da nosa empresa.

En nome da nosa empresa quero que quede constancia nese órgano, que foi o Concello de Vigo quen nos demadou a súa compra, a empresa nunca foi a ofertar o ben. Non participamos na súa taxación, simplemente solicitamos que quen fixese tal valoración fose empresa taxadora cualificada e debidamente autorizada polo bando de España, a efectos de non atopar problemas coas valoracións fiscais derivadas da exoneración de impostor que gravan a propia venda.

En todo caso, e dado que se pon en dúbida é o valor do propio ben, e que por parte desta empresa foi aceptado o valor de taxación máis baixo feito pola taxadora TINSA, desexo solicitar da Xunta de Goberno local o que segue:

1.- Que se proceda, si se estima conveniente, a solicitar unha retasación dos bens á venda, encargada polo Concello de Vigo a empresa debidamente autorizada, e que contrate a taxación feita e fiscalizada positivamente polos técnicos municipais.

2.- En nome da Empresa Zinnia, declara que si desa taxación do valor do Mercado, deduciranse diferencias dos valores hoxe existentes, aceptaríamos como prezo de venda o menor valor das dúas taxacións realizadas.

Dáse conta da proposta da xefa da Oficina de Patrimonio Histórico, conformada polo concelleiro delegado de dito servizo, que di o seguinte:

Co número 5104/307, tramítase por este departamento de Patrimonio Histórico expediente para a adquisición por compravenda do Pazo de Arias Taboada, sito na rúa Abeleira Menéndez núm 8, así como os inmobles anexos sinalados cos números 10 e 12 da mesma rúa, para destinalos a equipamento municipal público asociado ao Pazo Quiñones de León.

No expediente tramitado polo Servizo dase cumprimento ás esixencias da normativa patrimonial aplicable as Corporacións Locais, sinaladas no informe emitido pola Asesoría Xurídica Municipal.

Neste informe sinálase que, de conformidade cos artigos 11 RBEL e 116.3.c) LPAP, no procedemento para a adquisición dos inmobles deberá figurar a previa taxación pericial dos mesmos e que no expediente consta taxación da entidade Tasaciones Inmobiliarias S.A. TINSA, inscrita no rexistro do Banco de España, co número 4.313, de data 7 de agosto de 2009, que incorpora o correspondente estudo de mercado e fixa como valor de taxación dos inmobles a adquirir o proposto para a presente adquisición: 1.701.000,98€. Precisa tamén o dito informe xurídico que se ben o artigo 114 LPAP dispón que as taxacións periciais que deban efectuarse para dar cumprimento á lexislación patrimonial poderán encargarse a sociedades de taxación debidamente inscritas no Rexistro de Sociedades de Taxación do Banco de España, como é o caso de TINSA, con carácter previo a aprobación da valoración desta mercantil de taxacións pola xunta de Goberno Local debería procederse a corroborar a dita taxación por técnico municipal competente.

Habida conta a urxencia que esta adquisición supón para os distintos programas en marcha e previstos para a rehabilitación do Casco Vello, esta Concellería Delegada elevou a proposta de adquisición á Xunta de Goberno Local, cuxa tasación e prezo quedaría condicionada á corroboración, ou no seu caso rectificación, da valoración de TINSA por técnico municipal; condicionamento que, non obstante non quedou incorporada ao acordo.

Porén, a fin de dar cumprimento ao dito trámite sinalado pola Asesoría Xurídica, este Delegado de Patrimonio Histórico solicitou á oficina de Patrimonio Municipal informe respecto do valor dos inmobles a adquirir; informe que foi emitido polo arquitecto municipal adscrito a dita oficina, con data 5 de novembro, no que acepta e considera axeitada aos valores de mercado a taxación de TINSA.

Así as cousas, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO

Incorporar ao expediente número 5104/307, que se tramita por este departamento de Patrimonio Histórico para a adquisición por compravenda do Pazo de Arias Taboada, sito na rúa Abeleira Menéndez núm 8 e os inmobles anaexos sinalados cos números 10 e 12 da mesma rúa, para equipamento municipal público asociado ao Pazo Quiñones de León, o informe pericial emitido polo arquitecto municipal adscrito a oficina municipal de Patrimonio con data 5 de novembro, no que acepta e considera axeitada aos valores de mercado a taxación de TINSA e, daquela, considerar cumprido o trámite sinalado no informe da Asesoría Xurídica que figura no expediente.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda prestar a súa aprobación á proposta precedente así como acceder ao solicitado por D. Francisco José Vázquez Blanco, en nome da empresa Zinnia Gestion S.A., acordando a retaxación dos devanditos bens.

24(1589).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE PATRIMONIO HISTÓRICO DURANTE OS MESES DE XULLO, AGOSTO, SETEMBRO E OUTUBRO DE 2009. EXPTE. 2368/307.

Mediante escrito de data 29.10.09, o delegado de Patrimonio Histórico, en cumprimento coa base 31ª das de execución do presuposto, dá conta á Xunta de Goberno local da relación de contratos menores tramitados polo departamento durante os meses de xullo a outubro do ano 2009, que son os seguintes:

NºExp	Serv	Asunto	0,00 €	Adxudicatario
5087	307	CONTRATO MENOR MONITORAXE CESTERÍA PROGRAMA FORMATIVO CASA DO CESTEIRO XULLO 2009	2.751,58 €	VAN DIVULGACIÓN CULTURAL SL
5089	307	CONTRATO MENOR VALORACIÓN INMOBLES ASOCIADOS AO MUSEO QUIÑONES DE LEÓN	1.740,00 €	TINSA
5097	307	CONTRATO MENOR AMPLIACIÓN SINALIZACIÓN DA VILA ROMANA DE TORALLA.	8.157,12 €	VAN DIVULGACIÓN CULTURAL SL
5106	307	CONTRATACIÓN PROGRAMA DIVULGACIÓN ARQUEOLÓXICA AGOSTO 2009	1.946,43 €	LUA VERDE, S.L.
5107	307	CONTRATO MENOR ACTIVIDADE MISTERIO NO MUSEO	8.908,80 €	UBIAGRANDAL S.L.
5112	307	CONTRATO MENOR REDACCIÓN ESTUDO PREVIO Á IMPLANTACIÓN DE SERVIZOS DE TRANSPORTE PÚBLICO NO ENTRAMADO VIARIO DO CASCO VELLO DE VIGO.	19.140,00 €	ENXEÑERÍA E ANALISE MEDIAMBIENTAL SL
5113	307	CONTRATO MENOR MONITORAXE CESTERÍA PROGRAMA FORMATIVO CASA DO CESTEIRO AGOSTO 2009	2.751,58 €	VAN DIVULGACIÓN CULTURAL SL
5155	307	CONTRATACIÓN PROGRAMA DIVULGACIÓN ARQUEOLÓXICA SETEMBRO 2009	1.946,43 €	LUA VERDE, S.L.
5157	307	CONTRATO MENOR MONITORAXE CESTERÍA PROGRAMA FORMATIVO CASA DO CESTEIRO SETEMBRO 2009	2.751,58 €	VAN DIVULGACIÓN CULTURAL SL
5159	307	CONTRATO MENOR SONDAXE MANUAL NA RÚA GAMBOA	3.618,06 €	LESERING S.L.
5205	307	GASTOS ADQUISICIÓN BIBLIOGRAFÍA PARA O DPTO. DE PATRIMONIO HCO.	172,00 €	
5207	307	CONTRATACIÓN PROGRAMA DIVULGACIÓN ARQUEOLÓXICA OUTUBRO 2009	1.946,43 €	LUA VERDE, S.L.
5208	307	CONTRATO MENOR MONITORAXE CESTERÍA PROGRAMA FORMATIVO CASA DO CESTEIRO OUTUBRO 2009	2.751,58 €	VAN DIVULGACIÓN CULTURAL SL
5226	307	CONTRATACIÓN FILMACIÓN DE RESTOS NA MURALLA NA RÚA ELDUAYEN	138,04 €	DE IDEAS ESTUDIO DESEÑO S.L.
5241		CONTRATO MENOR MANTEMENTO E CONSERVACIÓN CASCO VELLO	20.822,00 €	MOVEXVIAL S.L.
5266	307	CONTRATO MENOR MONITORAXE CESTERÍA PROGRAMA FORMATIVO CASA DO CESTEIRO NOVEMBRO 2009	2.751,58 €	VAN DIVULGACIÓN CULTURAL SL

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

25(1590).- SOLICITUDE DE TRASLADO DA OBRA “PANXOLIÑA” UBICADA NA CAFETERÍA DO CONCELLO AO MUSEO MUNICIPAL “QUIÑONES DE LEÓN”. EXPTE. 3728/337.

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe-proposta do director do Museo, do 26.10.09, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio Histórico, a Xunta de Goberno local acorda:

